

ANUNCIO OFERTA EMPREGO POLICIA LOCAL XINZO



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A CONVOCATORIA E AS BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL

Visto Informe do Inspector Xefe da Policía Local sobre a necesidade urxente e inaprazable de ampliación transitoria do persoal policial local nos meses de Xuño a Setembro, mediante a contratación, como mínimo, dun Auxiliar de Policía Local,

Vistos informes de Secretaría e Intervención,

Visto informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, emitido dentro do marco competencial previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais de Galicia, segundo o cal *"As bases son acordadas coa normativa de coordinación de policía locais de Galicia (LEI 4/2007, do 20 de abril, e a súa normativa de desenvolvemento"*

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección para a contratación dun Auxiliar de Policía Local, mediante contrato eventual por acumulación de tarefas durante os catro meses de verán (xuño, xullo, agosto e setembro).

SEGUNDO. Convocar as probas selectivas para a selección deste persoal.

TERCEIRO. Publicar o anuncio da convocatoria e o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, segundo o disposto nas bases.

CUARTO. Publicar o anuncio da convocatoria no Diario La Región, comenzando a partir desa publicación o prazo de presentación de instancias que será de 10 días naturais.


QUINTO. Dar conta de esta resolución o plenario municipal na seguinte sesión que este celebre.

SEXTO. Notificar a presente resolución os departamentos de Persoal, Secretaría, Intervención, Tesourería e Policía Local.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Antonio Pérez Rodríguez en Xinzo de Limia, a 13 de abril de 2016 do que, como Secretaria, dou fe.

O Alcalde

Antonio Pérez Rodríguez



A Secretaria

Marta María Gómez Ruiz